



## O COLECTIVO DOS ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRÍCOLAS CONTRA OS VALORES DO SOLO RÚSTICO E DE NÚCLEO RURAL PROPOSTOS POLA XUNTA

O COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRÍCOLAS DE A CORUÑA E PONTEVEDRA CONSIDERA FORA DA REALIDADE A PROPOSTA DE VALORES DO SOLO NO EIDO RURAL RECOLLIDOS NO PROXECTO DE ORDE DA CONSELLERÍA DE FACENDA DA XUNTA DE GALICIA.

**O Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de A Coruña e Pontevedra**, colectivo que compoñen uns 950 profesionais do ramo nas dúas provincias, da man do seu Presidente en funcións, Xosé Anxo Raña Caamaño, á vista da grande cantidade de suxestións, e comentarios, recibidos dos profesionais, colexiados, trasladando a súa preocupación polo elevado dos prezos propostos pola Dirección Xeral de Tributos no ámbito de actuación profesional do colectivo, **ten presentado un prego de alegacións contra ó Proxecto de Orde que fixo pública a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.**

A Orde referida será a que “aprobara” os prezos medios no mercado de inmobles rústicos e urbanos na Comunidade Autónoma, que á súa vez servirán de referencia para o cálculo en determinadas liquidacións impositivas.

Este colectivo colexial considera imprescindible, e indubidablemente necesaria, a existencia dunha base de datos de prezos das terras, a nivel autonómico, e consonte a iso apoia a iniciativa da Consellería pola súa creación, e o seu libre acceso aos usuarios. Non obstante, **non pode deixar de mostrar a súa discrepancia cuns prezos que, dende a experiencia do noso colectivo, non representan o valor de mercado actual dos solos rústico e de núcleo rural**, considerando que, en case tódolos casos, son excesivos e desproporcionados.

Nos antecedentes do Proxecto da Orde fálase de que estes prezos medios xorden dun recente estudo de mercado realizado pola Dirección Xeral de Tributos, baseado en testemuñas realizadas por empresas de prestixio no ámbito das taxacións inmobiliarias. Dende a organización colexialponse de manifesto que a Dirección Xeral de Tributos en ningún intre se dirixiu ao noso colectivo de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas para a realización deste estudo, e isto, a pesares da nosa recoñecida experiencia, e tradicional actividade. preto do agro, e coñecendo, de xeito directo, os prezos que rexen no rural. Así mesmo, tampouco nos consta se se dirixiron a outros colexios profesionais.

Dende a nosa organización pensamos que eses prezos medios propostos pola Consellería de Facenda non achegan información do valor real, a efectos fiscais, dos bens obxecto de transmisión ou sucesión, senón que, en moitos dos casos, no ámbito físico das nosas actuacións profesionais, triplican o prezo real de mercado para unha finca rústica tipo, chegándose ao extremo de multiplicar por dez o seu valor se nos referimos a unha finca con acceso a estrada asfaltada.

O C.O.E.T.A de A Coruña e Pontevedra entende que se a Orde sae adiante do xeito proposto no proxecto, isto se pode traducir en que os contribuíntes suxeitos aos impostos de transmisións patrimoniais, actos xurídicos documentados, sucesións e doazóns, veranse

---

### DELEGACIÓN

PONTEVEDRA: Soportáis da Ferrería N°.4, 2º D \* Tfno. E fax: 986 846117 \* 36002 Pontevedra.



**COLEXIO OFICIAL DE  
ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRÍCOLAS**

**A CORUÑA – PONTEVEDRA**

Av. Barrié de la Maza, 17-1º C  
15003 – A CORUÑA  
Telf. 981 22 60 27  
Fax. 981 22 41 38  
e-mail:colegio@coitagalicia.org  
www.coitagalicia.org

obrigados a pagar as devanditas cotas por valores moi superiores aos reais, afectándolles igualmente, en diversas operacións, ao incremento patrimonial suxeito ó IRPF.

Como xa se expresou con anterioridade, dende este colectivo colexial **apoia-se a existencia dunha base de datos de prezos da terra a nivel autonómico**, que na actualidade se pode considerar imprescindible, pero tamén **se precisa que sexa unha base de prezos reais de mercado**, obtida logo dun estudo serio e implicando a tódolos axentes, e non unha relación de prezos sen xustificación, e desorbitados, que, lonxe de reflectir a realidade do agro, pode dar a entender que a Consellería de Facenda, coa súa proposta, pretende incrementar a recadación, cuxa xestión ten transferida, polos referidos impostos.

Esta interpretación é aínda máis fácil cando estes prezos non son tomados en conta por outras consellerías a hora de fixar as indemnizacións correspondentes a expropiacións, nas que sempre os valores son inferiores, e semella difícil de entender esta dobre vara de medir, polas diferentes consellerías da Xunta, cando se trata de cobrar impostos aos administrados ou cando se trata de fixar o “xustiprezo”.



O Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña e Pontevedra

A Coruña 5 de agosto 2011

---

**DELEGACIÓN**

PONTEVEDRA: Soportáis da Ferrería Nº.4, 2º D \* Tfno. E fax: 986 846117 \* 36002 Pontevedra.